

Lugo, 14 de agosto de 2023.- Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2663

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PUBLICACIÓN LISTA DEFINITIVA EXCLUÍDOS, PROCESO DE PROVISIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE POSTOS VACANTES NO CORPO DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por Resolución de Alcaldía de data 11/08/2023 aprobouse a lista definitiva de excluídos no proceso selectivo, a dita resolución atópase exposta para o coñecemento xeral na Web municipal www.monfortedemos.es (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Monforte de Lemos, 14 de agosto de 2023.- O ALCALDE, P.D. Decreto de data 21.06.2023, APRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria Prada Rodríguez.

R. 2664

MONTERROSO

Anuncio

Advertido un erro no anuncio da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social publicado no BOP nº 182 de 9 de agosto de 2023, onde pon “Convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social a media xornada” debería de poñer “Convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social a xornada completa”.

Polo que, se abre un novo prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Monterroso, 16 de agosto de 2023.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 2669

SAMOS

Anuncio

O día 16/08/2023, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2023-0147, aprobou as **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO**. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de un (1) Limpador/a (categoría profesional limpador/a) para seren contratados como persoal laboral temporal *ao abeiro do “Programa de Reforzo do Emprego” que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 09/01/2023)*, para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.